

3



Ollos abertos

Os dons recibidos na vida

Hai moitas cousas positivas na nosa vida, que nos fan felices e nos enchen de alegría.

Facemos unha lista de cousas positivas que hai na nosa vida

- + Unha casa na que vivir +
- + Xoguetes +
- + Amigos +
- + +
- + +

■ Aspectos positivos na nosa vida

- Calidades do corpo, do carácter, saúde, simpatía, bondade...
- Calidades para o estudo, o deporte: intelixencia, forma física...
- O cariño e a axuda da familia...
- A proximidade e o apoio dos amigos...
- O colexio, as posibilidades de estudar, aprender cousas.
- Os progresos da ciencia e da técnica: televisión, ordenador...
- Os hospitais e clínicas: coidado da saúde...
- Outros: _____

	1	2	3	4	5
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

▶ ¿Como valoras cada un destes aspectos? (1: pouco; 5: moito)

▶ ¿Por que fixeches esa elección en cada caso?

▶ En xeral, ¿como nos consideramos? Pouco afortunados, algo afortunados, máis ou menos afortunados, bastante afortunados, moi afortunados.



Mirada penetrante

Distintas actitudes

Ante os dons recibidos na vida, podemos reaccionar de distintas maneiras e con diversas actitudes.

Ante os...	Actitudes negativas	Actitudes positivas

- ▶ ¿Danse na realidade estas actitudes negativas? ¿Por que?
- ▶ ¿Qué actitudes positivas téis ti? ¿Cales necesitas cultivar máis?



Oídos atentos

Os dons ou regalos de Deus

Ao longo da súa historia, o Pobo de Israel foi consciente de que o Señor, o seu Deus, o amara e o encheira de regalos.

1



■ Déchesme a vida, o teu coidado gardaba o meu espírito. (Xob 10,12)

2



3



■ Foi polo amor do Señor polo que vos rescatou da situación de escravitude e do poder do Faraón, rei de Exipto. (Dt 7,8)

4



5



O Señor, farache abundar en bens: nos froitos do teu ventre, froitos do teu gando e froitos da túa terra. (Dt 28,11)

6



7



8 A promesa da inmortalidade



9

O gran regalo que Deus lle fixo foi a promesa de que un día enviaría un Salvador:

► Fíxate nos fragmentos das imaxes que aparecen neste apartado. Corresponden a tres dos dons que Israel lle agradece a Deus.
■ ¿Cales son eses dons?



Memoria esperta

Gratidade ante os dons de Deus

A Igrexa quere transmitir a todos os cristiáns un sentimento de gratitude a Deus Pai que nos enche de dons e regalos.

■ ¿Dáanos Deus os bens necesarios para vivir?

■ ¿Cal é a primeira obriga do home ante Deus?

As nosas actitudes

Tamén a nós nos obsequia Deus con moitos dons e regalos. Pero hai moitas actitudes e comportamentos distintos ante o que recibimos de Deus.

Don Chorón

Sempre está a queixarse de que tén mala sorte, de que Deus lle deu moi poucas calidades.



Don Preguizoso

É moi intelixente e acáelle ben calquera cousa, pero é un comodón e non fai nada.

Don Fachendoso

É intelixente e tén bo tipo. Pero vai pola vida presumindo e desprezando aos demais.



Don Manazas

Tén moitas ideas pero é tan pouco mañoso que esnaquiza canto toca.

Don Rabuxas

É moi envexoso e goza co mal dos outros, desexa que os demais fracasen e o pasen mal.



Don Comenencias

Só lle importa o seu e aproveitarse dos demais canto poida.

Don Vállome-só

Di que todo o que tén o conseguiu por si só e que non lle debe nada a ninguén.



► Estes sete personaxes fallan nas actitudes que cada un debe ter ante os dons recibidos. ¿Contra cal falla cada un deles? Escribe o nome do personaxe que non vive a actitude da que se fala na columna da esquerda.

Actitudes	Fallos
Dar grazas a Deus por todo o bo que nos deu.	D.
Recoñecer as calidades positivas e superar o negativo.	D.
Apreciar e coidar todo o bo que recibimos.	D.
Desenvolver con esforzo e traballo as calidades que temos.	D.
Compartir cos demais cousas boas que posuímos.	D.
Alegrarse polas cousas positivas que teñen as demais persoas.	D.
Non utilizar os nosos bens e calidades para presumir.	D.